



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL, PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPO DE TRABALLO, DENTRO DA CAMPAÑA DE VERÁN DA XUNTA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar coa Fundación Eduardo Pondal o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata a finalización do campo de traballo e da extinción das obrigas previstas no mesmo.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Eduardo Pondal para a organización do campo de traballo “*Alí, Xaz*” de temática ambiental, etnográfica, cultural, patrimonial e festival que se desenvolverá dende o 14 ata o 24 do mes de agosto, no concello de Ponteceso, como único emprazamento para desenvolver as actividades obxecto deste campo, en atención as súas características, recursos e dotacións da zona.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

I. Que á Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 25 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndenlle a xestión das actuacións en materia de xuventude.

II. Que a Fundación Eduardo Pondal ten por obxecto promover e divulgar a obra do escritor local e de proxección galega, don Eduardo Pondal Abente, e a cultura galega en xeral, nos seus máis diversos aspectos e en todas as facetas da cultura universal que incidan no patrimonio cultural de Galicia.

III.- Que ambas as dúas partes son conscientes da importancia que ten potenciar os programas de actividades no ámbito da educación non formal como facilitadores da adquisición de competencias e valores por parte dos mozos e mozas participantes.





IV.- Que, nese ámbito, os campos de traballo son actividades incluídas dentro da Campaña de Verán da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que teñen un claro compoñente de compromiso social e interese xeral encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno, mediante a colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos, que reverten directamente na comunidade e entorno nos que se levan a cabo.

A través do programa Campos de traballo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado facilita que os mozos e mozas participantes leven a cabo, segundo a temática do campo, tarefas que teñen unha incidencia e beneficios directos no contorno local no que se desenvolven as actividades, ademais de contribuír ao enriquecemento persoal dos mozos e mozas participantes.

Os campos de traballo desenvólvense en localizacións específicas en función das súas características peculiares, que determinan a necesidade da actuación e que fan que un determinado ámbito deveña como exclusivo para a consecución de determinados fins.

Coincidindo este ano 2017 coa celebración do centenario da morte do insigne autor do himno galego, o ilustre Eduardo Pondal Abente, Ponteceso convértese nun lugar ideal para contribuír ao achegamento da mocidade a esta importante figura das nosas letras, contribuíndo á súa formación integral. De aí a oportunidade de poñer en marcha un campo de traballo neste ámbito e a colaboración coa Fundación Eduardo Pondal, que ten precisamente como guieiro de traballo o enaltecemento da figura e obra deste insigne autor.

Ademais, con este campo de traballo posibilitarase que os voluntarios e as voluntarias teñan unha vivencia única ao participar na organización do festival xuvenil “V de Valarés” na praia do mesmo nome.

Por último, os labores de adecentamento que se levarán a cabo nas rutas do contorno natural da Praia de Valarés, teñen o propósito de acadar unha maior concienciación ambiental entre os participantes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
Cecilia Vázquez Suárez

